

TARIFAS A PERCIBIR POLO CONCESIONARIO DO SERVIZO DE SANEAMENTO ¹

Acometida á rede de sumidoiros		79,40 €
Cambios de titularidade.		14,25 €
Tarifa por dispoñibilidade do servizo		5,0 € / trimestre
Bloque	Consumo trimestral de auga	Tarifa € / m ³
Bloque 1	De 0 a 30 m ³	0,1200 € / m ³
Bloque 2	De 30 a 55 m ³	0,2500 € / m ³
Bloque 3	Máis de 55 m ³	0,560 € / m ³
Bloque 4	Usuarios que non dispoñan de servizo de abastecemento municipal pero que si efectúen verquidos na rede de saneamento	24,37 € / trimestre
Bloque 5 ²	Concellos limítrofes que efectúen verquidos na rede de saneamento de Culleredo	0,560 € / m ³
<p>Determinación do caudal vertido polos concellos limítrofes na rede de saneamento de Culleredo, no caso de que non se poida obter o dato a través de contadores instalado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Si hai un convenio asinado entre os concellos, de acordo coa metodoloxía determinada no mesmo • No caso de que non haxa convenio, o cálculo do volume de vertido realizarase do seguinte xeito: Volume a facturar trimestralmente, expresado en m³ = número de vivendas que verten x 3 habitantes / vivenda x 280 litros/habitante-día x 91,25 días 		

a. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na tarifa relacionada co consumo por servizos de rede de sumidoiros do 50 % sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m³.

b. As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na tarifa relacionada co consumo por servizos de rede de sumidoiros do 50 % sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m³.

c. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.

d. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentárase conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

e. A bonificación concedida terá efectos no ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Esta tarifa entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da súa aprobación e unha vez que entrara en vigor o contrato de concesión do servizo de saneamento.

¹ Aprobado por acordo plenario do 26/01/2012 (BOP núm. 62 do 29/03/2012)

² Bloque 5 modificado por acordo plenario do 29/09/2016 (BOP núm. 191 do 06/10/2016)